



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Nigrán. Parroquias: San Xoán de Panxón.
Extensión: 0,7 km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade de escasa prolongación continental cuxa franxa costeira está formada por tramos de acantilados baixos fundamentalmente na súa metade occidental que configuran unha costa recortada e enclaves sedimentarios compostos pola praia da Madorra e outras pequenas calas de area. En ambos os dous casos é frecuente identificar restos de plataformas rochosas precedendo estas formacións costeiras. A vertente presenta a súa maior inclinación na ladeira do Monteferro, modelada sobre materiais xistosos, en tanto que o extremo oriental da unidade desenvolve unha pendente moi suave sobre os depósitos aluviais. Inclúe o EIX Penínsulas de Galicia: Monte Ferro.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

O oeste da unidade e o promontorio no que se sitúa o porto de Panxón correspóndense cun substrato metamórfico, de xistos, lousas e paragneises do Complexo de Cabo Home, que presenta niveis calcossilicatados. En cambio o leste e sur, caracterízanse polo recubrimento de depósitos: de area de praia na liña costeira, e eluviais no interior.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira de réxime obrotérmico Cálido e Húmido. Temperatura media anual por enriba dos 15°C e entre 1200 mm e 1400 mm de precipitación anual acumulada. A amplitude térmica oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C ao ano.

OS SOLOS

Vertente costeira moi transformada pola presión construtiva vinculada ao fenómeno turístico o que motivou un incremento progresivo dos antrosoles en detrimento da superficie ocupada orixinalmente polos solos evolucionados de tipo cambisol dístrico. A franxa costeira sudoriental presenta o único sector destacable de arenoles asociados á praia da Madorra.


AS AUGAS

A estreiteza desta unidade litoral non deixa lugar ao desenvolvemento dunha rede hidrográfica diferenciada. Tan só algúns arrosos con carácter temporal realizan achegas fluviais na praia da Madorra, a cal queda baixo a influencia das Augas Costeiras 20159 ao norte, e 20102 ao sur.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade mixta que ten a fronte costeira e a vertente que lle segue profundamente transformados e humanizados. Só é posible anotar a presenza dos hábitats 1230, cantís mariños atlánticos e 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, pero sen alcanzar o desenvolvemento esperado, é dicir, limitados polos usos e actividades humanas.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A parte occidental da unidade circunscríbese ás partes baixas de Monteferro, un espazo natural no que a presenza de actividades humanas é mínima sendo o uso maioritario silvícola. O resto da unidade localízase no bordo interior das praias de Area Fofa e Madorra cun predominio claro dos espazos residenciais entre os que se intercalan pequenas parcelas cubertas de masas arbustivas atlánticas xunto con algún rodal de bosque mixto. O espazo agrícola límitase á parte oriental da unidade ao redor do núcleo da Porqueira, aínda que este tipo de aproveitamentos se atopa en franco retroceso debido ao incremento da presión urbana. A costa, pola súa banda, caracterízase pola presenza de dous magníficos areas flanqueados, cara ao oeste, por formacións acantiladas que serven de protección natural contra os envites do mar.

MORFOLOXÍA

Na parte oriental da unidade, ao redor do núcleo orixinal de Panxón, concéntranse os núcleos tradicionais (A Touza e A Bouza) que viron como a súa estrutura orixinal agrupada quedaba esvaída pola sucesiva anexión de novas vivendas. O resto das edificacións, de carácter estacional, aparecen de xeito illado, ocupando todo o istmo que comunica o continente con Monteferro. O parcelario, pola súa banda, responde a unha tipoloxía minifundista cuxa produción está destinada fundamentalmente ao autoconsumo. A estrutura da propiedade delimitase por peches de fábrica que agudizan a percepción da fragmentación do territorio.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía de comunicación da unidade é unha estrada provincial que une o miradoiro de Monteferro coa PO-325, pertencente á rede secundaria de estradas de Galicia. Dende ela parten todo unha serie de estradas de ámbito local que comunican o denso e construído espazo.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Dentro do patrimonio arqueolóxico destaca a presenza de elementos de idade romana como o Arco de Panxón na igrexa de San Xoán, ou os restos dunha vila de orixe romana situada na mesma parroquia. Máis antigos son os restos dun antigo castro localizados tamén en Panxón e que se remontan aos tempos en que os castrenses habitaron estas terras. De idade máis moderna é o templo votivo do Mar, situado no lugar de San Xoán, construído segundo un proxecto orixinal do arquitecto Antonio Palacios. Preto del atópanse as ruínas dun arco visigodo (século VII), declarado Ben de Interese Cultural e que quedaron integradas dentro do espazo ocupado por esta construción.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O aproveitamento do solo e a distribución das edificacións confirenlle un carácter denso propio de ámbitos urbanos. O auxe do turismo iniciado a finais do século pasado situou este espazo costeiro como un dos máis demandados polos visitantes, orixe da proliferación de promocións inmobiliarias. Todo o espazo interior se xerarquiza a partir da liña de costa como foco de atracción. A partir dela vanse organizando sucesivas construcións que, cun carácter aleatorio, van cubrindo todo o istmo.

DINÁMICA DA PAISAXE

A finais dos 70 xorden na unidade un gran número de novas vivendas, que van relegando os usos tradicionais do solo ata consolidarse como zona residencial. As parcelas que antigamente se dedicaban á agricultura sufriron un intenso proceso especulativo transformándose en soares preparados para albergar a crecente demanda de novos residentes. A presión urbana crece cara ao mar, manténdose os usos agrícolas no ámbito dos núcleos tradicionais interiores.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Espazo caracterizado por Monteferro, atalaia natural da Ría de Vigo e Baiona e de excepcionais valores naturais. A presenza dos areas de Area Fofa e A Madorra completan os elementos valiosos desta paisaxe, que non obstante, se debe cuestionar a súa sostibilidade cara ao futuro. A separación rochosa entre as praias de Madorra e Panxón é un lugar natural dende o que entender e percibir estes valores, ao tempo que coñecer a costa custodiada pola elevación de Monteferro.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS





















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Crecementos dispersos entre as praias de Portocelo e Area Fofa, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de vivendas unifamiliares dispersas na fronte costeira, sen funcións definidas e sen identidade poboacional que xeren un continuo que impida a contemplación do horizonte, favorecendo a permeabilidade e protexendo a perda de biodiversidade da área, mellorando deste modo, a calidade escénica e ambiental do bordo litoral.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



